

Na procura

Con pés de chumbo e lingua de lixa, camiñaba Elisa, na procura das súas arelas.

Manto escuro e despexado xa a arroupaban, coa luz das estrelas cantándolle os minutos que quedaban.

Mais era imposíbel.

Fora a onde fora, non atopaba o seu obxectivo, coa amargura fechándolle a gorxa.

Na praza das Praterías pasou a mañá, buscando algún indicio dela na baleira fonte e preguntándolle á xente pasadía, con voz rouca, se sabían onde atopar un pouco dela.

Polo río Sar pasou a tarde, e puido comprobar como se atopaba no mesmo estado ca Atacama.

E na rúa San Pedro pasou a noite, baixando, subindo, entrando e saíndo, pero nen unha pinga puido ver entre as súas lachas, frías e secas coma demos.

Mercados pechados, billas enxoiatas e xente desesperada polas rúas eran as súas únicas pistas, mais non foi quen de atopar nada dela.

Con pés de osmio e lingua de carbón, Elisa tratou de abrir a porta da súa casa.

A cara cansa da súa nai deulle a benvida.

- Atopaches algo? - preguntoulle.

Elisa suspirou, coa garrafa baleira na súa man, pesando máis ca nunca.

- Nin unha pinga.- respondeulle ela.